

CARTOONS DOS IRMÃNS FLEISCHER

1439

Dave e Max Fleischer (1921-1942)

ESTREA EN NUMAX: 01.01.2025 | V.O.S.E. | TP | 61 min

- Invisible Ink (1921, 7 min)
- Betty Boop: Minnie the Moocher (1932, 8 min)
- Betty Boop: Snow-White (1933, 7 min)
- Play Safe (1936, 8 min)
- Popeye the Sailor Meets Sinbad the Sailor (1936, 16 min)
- Popeye the Sailor: The Paneless Window Washer (1937, 6 min)
- Superman: Billion Dollar Limited (1942, 9 min)



Dave e Max Fleischer: os irmán que puideron derrotar a Walt Disney

Na década de 1920 dous estudos de animación emerxían en Estados Unidos como as grandes potencias da industria, ambos fundados por parellas de irmáns visionarios: os irmáns Max e Dave Fleischer e os irmáns Disney. A rivalidade entre eles non só se caracterizou pola procura de orixinalidade, tamén polo desenvolvemento de innovacións tecnolóxicas que transformarían o mundo da animación para sempre.

Os Fleischer, con Max á cabeza como inventor, foron pioneiros no uso do rotoscopio. Esta ferramenta, patentada en 1915, permitiu que os animadores calcaran movementos de actores reais, o que deu aos personaxes dos Fleischer unha fluidez nos seus movementos que era superior á da competencia nese momento. Koko o Pallaso, o primeiro personaxe animado usando esta técnica, tiña movementos tan realistas que aínda hoxe resulta sorprendente velo bailar ao ritmo da lenda do jazz Cab Calloway. Doutra banda, Disney fixo un movemento estratéxico ao introducir o son sincronizado na animación con *Steamboat Willie* (1928), protagonizada por Mickey Mouse. Esta curta foi un éxito rotundo e aínda que os Fleischer experimentaran con sincronización de son en curtas anteriores, como *My Old Kentucky Home* (1926), foi Disney quen logrou popularizar esta tecnoloxía e conseguiu convertela nunha parte esencial das súas películas.

Os Fleischer mantiveron o seu lugar na industria a principios dos anos 30 grazas a personaxes como Betty Boop e, especialmente, Popeye. Introducido en 1933, Popeye converteuse nun competidor directo de Mickey Mouse e mesmo chegou a ser máis popular que el grazas ao seu estilo de comedia *slapstick*, que contrastaba co humor máis suave de Disney. Unha das características que diferenciaba aos personaxes dos Fleischer era a súa irreverencia. Tanto Popeye como Betty Boop incorporaban humor negro, insinuacións sexuais e, en ocasións, escenarios macabros que chocaban coas narrativas máis familiares e conservadoras de Disney. Betty Boop, por exemplo, rompía tabús coa súa actitude descarada, algo case impensable no mundo Disney. As curtametraxes dos Fleischer atrevíanse a mostrar situacións máis atrevidas e adultas conectando cun público que buscaba algo distinto, especialmente durante a época da Gran Depresión.

Pero, mentres os Fleischer continuaban gozando do éxito coas súas curtametraxes, Disney preparaba un cambio drástico na industria que afectaría profundamente os seus competidores: a produción de longametraxes animadas. En 1937 Disney estreou *Branca-neves e os sete ananiños*, asumindo un risco considerable ao investir tanto tempo e recursos nunha película de máis dunha hora de duración. Pero o seu enorme éxito de crítica e público cambiou para sempre o panorama da animación. Os Fleischer contratáronse coa súa propia película animada, *As viaxes de Gulliver* (1939) que, a pesar dos seus avances técnicos, non acadou o éxito de Disney. Este fracaso fixo ampliar a distancia en favor da Disney, que continuou lanzando éxitos como *Pinocho* (1940) e *Fantasia* (1940), e a colaboración dos irmáns Fleischer remata definitivamente en 1942.

A competencia entre os Fleischer e Disney representou dúas visións opostas que brindaron ao público unha das eras douradas da animación. Mentres Disney construíu un imperio ao redor da maxia e a inocencia, os Fleischer aventuráronse en territorios máis escuros e atrevidos. Personaxes icónicos como Betty Boop e Popeye ofreceron unha alternativa ás historias de fadas que Disney promovía. A pesar de que os Fleischer non lograron perdurar na industria da animación, o seu impacto é indiscutible. O rotoscopio, unha das súas innovacións máis significativas, segue sendo unha ferramenta esencial na animación moderna e os seus personaxes continúan sendo lembrados e celebrados por novas xeracións.